



**ÁREA DE DEPORTES**  
**Centro cívico Ramón Millarengo**  
**Xeral Morgado, 24**  
**Tlfno. 981- 494431**  
**15510 Neda**

## IX CARREIRA ESCOLAR CONCELLO DE NEDA

### REGULAMENTO XERAL:

1. O Concello de Neda organiza a "IX Carreira Escolar Concello de Neda".
2. A Proba celebrarase o día 13 de xuño a partir das 10:00 horas, nas inmediacións do Albergue de Peregrinos.
3. Os dorsais pódense recoller no lugar da carreira a partir das 9:30.
4. Os centros escolares pertencentes ao Concello de Neda deberán facer a inscrición como equipo.
5. As inscricións deberán formalizarse **antes das 24:00 horas do luns 8 de xuño** enviando a relación de participantes nunha táboa excel o seguinte correo electrónico: [escolasneda@gmail.com](mailto:escolasneda@gmail.com)
6. Centros non pertencentes o Concello de Neda:  
Poderán facer inscricións individuais enviando os datos persoais (nome, apelidos, DNI, idade e centro educativo ao que pertencen) ao seguinte correo electrónico: [escolasneda@gmail.com](mailto:escolasneda@gmail.com) , **antes das 24:00 horas do luns 8 de xuño.**
7. A organización reservase o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos establecidos anteriormente.
8. Categorías:

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIA
Peques	2021 e posteriores	50 m. Aprox.
Sub-8	2019-20	350 m. Aprox.
Sub-10	2017-18	700 m. Aprox.
Sub-12	2015-16	1050 m. Aprox.
Sub-14	2013-14	1050 m. Aprox.

\*Máximo 50 participantes por categoría.

9. Trofeos:  
Recibirán un trofeo os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento, (tres primeiros masculinos e tres primeiros femininos de cada categoría). Tamén haberá medallas para todos os participantes na carreira.

## OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba.

### ASISTENCIA MÉDICA:

A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento.

### INFORMACIÓN BÁSICA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento dos seus datos: Área de Deportes do Concello de Neda sita na Avenida Alxeciras, 34, 15510 Neda (A Coruña).

Finalidade: recoller datos persoais (nome, apelidos, DNI/CIF, teléfono, correo electrónico, imaxes) para a IX CARREIRA ESCOLAR CONCELLO DE NEDA 2025.

Lexitimación: RGDP

a) Artigo 6.1.a) consentimento do interesado para o tratamento dos seus datos persoais para as finalidades descritas.

Prazo de conservación: Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron recollidos.

Destinatarios: Participantes.

Transferencia de datos: Non se proporciona.

Dereitos e información adicional: Así mesmo, no caso de que o interesado queira exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de portabilidade ou oposición, deberá facelo mediante escrito remitido á Área de Deportes do Concello de Neda, achegando, en todo caso, o xustificante que lle permita acreditar a súa identidade no seguinte enderezo electrónico correo@nega.gal. Así mesmo, o interesado poderá presentar reclamación ante a autoridade de control.